

# ID#148

Mesía - Mesía, 1983-03-06

Informantes: María Pardo Pardo (52); Mercedes Uzal (65)

Compilador: Baldomero Iglesias

Autora do rexistro: María del Carmen López Pardo

Transcrición: Sergio de la Ossa (2013-07-01)

3 (1) 2 1 | VII-5 | 8.8.8.8.



Museo do Pobo Galego



instituto de estudos das identidades

♩ = 155-160\*

a)

1. U - nha noi - te no mu - í - ño

b)

u - nha noi - te non é na - da

c)

d)

u - nha se - ma - ni - ña, en - tei - ra

e)

e\_a - que - la é mu - i - ña - da.



a) b) c) d) e)

21. 4.22. 14. 21-22. 14.

\*Mercedes Uzal (coplas 21-22): ♩ = 150

Nota: O ritmo ♩ é interpretado frecuentemente ♩<sup>3</sup>

(María Pardo)

- |     |   |     |   |
|-----|---|-----|---|
| 1.  | Unha noite no muíño<br>unha noite non é nada<br>unha semaniña enteira<br>e aquela é muiñada.                        | 12. | O río cando vai cheo<br>leva carballos e follas<br>tamén podía lovar-e<br>as linguas marmuradoras.                  |
| 2.  | O amor da costureira<br>era papel e mollouse<br>e aghora, costureiriña<br>o teu amor acabouse.                      | 13. | [Cant]aruxa, cantaruxa<br>filla da cantaruxeira<br>cantaruxa, cantaruxa<br>i-unque túa nai non queira.              |
| 3.  | [Ben te vin], ben te mirei-e<br>mozo da faixa encarnada<br>ben te vin, ben te mirei<br>e non che puíden ve-la cara. | 14. | O ferreiro ten a sarna<br>e a muller o xarampión<br>os fillos teñen a tiña<br>valgha Dios, que perdición!           |
| 4.  | [Pensas] que tanto che quero<br>porque miro para ti-e<br>así Dios me ghuarde el alma<br>como me río de ti-e.        | 15. | Chamácheme rachafaldras<br>e inda non rachei ningunha<br>se me volves a chamar-e<br>inda che hei racha-la túa.      |
| 5.  | Pensas que tanto che quero<br>abofé como te engañas<br>pareces un covito vello<br>todo revoltado en arañas.         | 16. | [...] ben chas sei-e<br>si chas quixera decir-e<br>con xente de pouco importe<br>non me quero divertir-e.           |
| 6.  | Da miña casa a túa<br>i-hai unha largha cadena<br>toda llena de suspiros<br>toda de suspiros llena.                 | 17. | Quen te me dera na hucha<br>echada na faldriqueira<br>que te había de coller-e<br>como o rato na rateira.           |
| 7.  | [Teño] un caravel na i-horta<br>unha rosa na curtiña<br>o caravel vai medrando<br>a rosa vai bonitiña.              | 18. | Andúvecheste alabando<br>que te querían as mozas<br>quen te vai a crer a ti-e<br>sacho de varre-las pozas.          |
| 8.  | María ten boas pernas<br>ben llas vin no corredor-e<br>non vin pernas coma elas<br>a filla do labrador-e.           | 19. | Cando paso por tu puerta<br>pedín pan e non mo deches<br>cando pasas pola miña<br>fareiche como fixeches.           |
| 9.  | [...]<br>mete o bico na silveira<br>así fai a boa nena<br>cando non ten quen a queira.                              | 20. | Cuando paso por tu puerta<br>siempre me cae el sombrero<br>de mirar pa tu ventana<br>que tiene buen subidero.       |
| 10. | [Chamáchesme] moreniña<br>porque nacín na revolta<br>inda ti non é-lo ghalo<br>que me dá-la media volta.            | 21. | Vente vindo e vente andando<br>vente vindo e vente andando<br>e por non perde-lo tempo<br>trae a roca e ven fiando. |
| 11. | [A]ló arriba no alto<br>hai unha vaca morrida<br>que la mulieron a palos<br>quedó con la boca abrida.               | 22. | Cando paso por tu puerta<br>siempre me cae el sombrero<br>de mirar pa tu ventana<br>si tiene un buen subidero.      |



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades